

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

Destinatario

Número 34 .- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á modificación do contrato de prestación do servizo de Axuda no Fogar.

15078DCMG10I1E1E



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 05 de agosto de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 34 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 10 de xuño de 2016, da xefa de sección de Servizos Sociais, que conta co visto e praxe da xefa de servizo da Área Social; e conformado coa mesma data polo concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde. Figura, así mesmo, no expediente, informe favorable da xefa de Contratación e Servizos Comunitarios, de data 21.6.16.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

“ASUNTO: Informe Proposta do Departamento de Servizos Sociais (Centro Xestor 20) para a modificación do Contrato de prestación do servizo de Axuda no Fogar formalizado coa empresa VALORIZA SA CON/67/2013, e asinado o día 28 de abril de 2015, no que se xustifican a concorrencia de razóns de interese público, ademais de causas imprevistas que motivan a citada modificación. **(XIESS - 27484)**”

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985) establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e

Documento	Expediente	Fecha
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

das comunidades autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

- A *Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia* configura o Servizo Público de Axuda no Fogar como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na normativa estatal e galega que a desenvolve, e que fixo necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar.
- A *Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia*, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais... Esta mesma lei establece no seu artigo 11. que é función dos servizos sociais comunitarios básicos letra f) a xestión do **servizo de axuda no fogar**, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación. No Capítulo II da lei que define o catálogo de servizos sociais establece que dentro dos servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica está letra d) a **axuda no fogar**, consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento no seu contorno habitual.
- A *Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. (DOG.Nº 22 do 2 de febreiro de 2009)* se establecen pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.
- O *Decreto 99/2012 de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia "polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento"*, (DOG. Nº 63 do 30 de marzo de 2012) establece o contido do servizo de axuda no fogar, que consistirá en actuacións de carácter básico, e servizos de carácter complementario e a publicación da Resolución do 13 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade pola que se publica o Acordo do Consello territorial do Sistema para a autonomía e atención á do *Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo "de medidas para garantir la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad"*. (BOE nº 168 do 14 de xullo de 2012).
- A *ORDE do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.* (DOG Núm. 86 do, 6 de maio de 2013)
- O *DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das*

Documento	Expediente	Fecha
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

persoas usuarias no financiamento do seu custo. (DOG nº 182 do 24 de setembro de 2013).

- *DECRETO 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (DOG nº 228 do 27 de novembro de 2014).*
- *DECRETO 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión. (DOG Núm. 108 do 8 de xuño de 2016), (entrada en vigor ós 20 días da súa publicación).*
- *ORDE do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia. (DOG Núm. 109 do 9 de xuño de 2016). (entrada en vigor o día un de xullo de 2016). Modifica o Decreto 99/2012 de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia "polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento", (DOG. Nº 63 do 30 de marzo de 2012)*
- *Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Santiago de Compostela. (Pleno 30/5/2013 - BOP nº 141 do 26/07/2013)*

I ANTECEDENTES:

1.- O concello de Santiago de Compostela, con data 28 de abril de 2015, asina coa empresa VALORIZA S.A. CON/67/2013 un contrato **para a explotación do servizo de Axuda no Fogar**. No antecedente SEGUNDO de dito contrato, recollese que " o gasto financiarase con cargo á partida do orzamento municipal nº. 020 23100 22703/15 (685.830,96 €), 2016 (914.441,28 €) e con cargo á anualidade 2017 (228.610,32 €)".

2.- Na execución do contrato, **advírtese un exceso** no número de horas prestadas correspondente ao exercicio 2015 nunha contía económica de 88.628,83 €.

3.- Posto en coñecemento da Intervención Municipal e do Servizo de Contratación, emítense os seguintes informes, que se achegan co presente:

3.1.- Informe da xefa de sección de servizos sociais, co vº e P. da xefa de servizo da Área de Benestar Social e da Concelleira Delegada de Políticas sociais de data 26 de abril de 2016.

3.2.- Informe da interventora xeral de 3 de maio de 2016

3.3.- Informe da xefatura de contratación de data 10 de maio de 2016.

4.- Dos anteditos informes despréndense:

4.a.- O **interese público** do Programa Municipal de Axuda no Fogar.

4.b.- O **exceso de prestación de número de horas na anualidade 2015, non cuberta pola cantidade máxima prevista no contrato.**

4.c.- As **causas que motivaron dito exceso.**

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

4.d.- **As previsibles repercusións do exceso do número de horas anuais prestadas na correspondente facturacións dos exercicios 2016 e 2017.**

4.a.- O **interese público** do Programa Municipal de Axuda no Fogar queda de manifesto polo seu propio obxecto e por ser é unha das prestacións básicas do sistema de servizos sociais que está destinada **a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia**, consistente **en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento no seu contorno habitual** nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación. Na actualidade esta prestación está lonxe de ofrecer a plena cobertura ás potenciais necesidades da cidadanía, e conqwerila é un dos principais obxectivos das políticas sociais deste concello e dos profesionais que conforman este sistema.

Por todo isto, non cabe contemplar a remota posibilidade da redución desta prestación, senón o que compre é a busca de solucións alternativas que axuden a compaxinar a obrigatoriedade de dar respostas ás necesidades humanas, sempre cambiantes, coa tamén realidade de dotala de fórmulas administrativas, orzamentarias, contractuais flexibles e adaptables á natureza deste servizo.

4.b.- O **exceso de prestación de número de horas na anualidade 2015, non cuberta pola cantidade máxima prevista no contrato**, e consonte ao indicado: pola interventora xeral no seu informe do 3 de maio de 2016 *"na execución do contrato o crédito orzamentario é limitativo en contía, polo que de superar o importe asinado para 2015 esixe efectuar un reaxuste de anualidades para evitar un enriquecemento inxusto de xeito que o exceso de facturación do 2015 sexa absorbido polas anualidades 2016 e 2017 sen incrementar o importe total do contrato..."*.

Con data 27 de maio dos correntes asínase e remítese á intervención xeral do concello, informe Proposta para a aprobación do reaxuste das anualidades 2016 e 2017, da partida 020 23100 22703 relativa ao **"A Atención a Dependentes. Contratos Prestación Servizos"**, de xeito que o exceso de facturación do ano 2015 sexa absorbido polas anualidades 2016 e 2017 sen incrementar o importe total do contrato asinado coa empresa VALORIZA S.A. CON/67/2013. Isto é:

- Anualidade 2016: 914.441,28 € (IVE engadido) - 10.000,00 € (IVE engadido) = 904.441,28 € (IVE engadido)
- Anualidade 2017: 228.610,32 € (IVE engadido) - 78.628,83 € (IVE engadido) = 149.981,49 € (IVE engadido)

Este expediente atopase en trámite de aprobación definitiva.

Documento	Expediente	Fecha
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

4.c.- As **causas** que motivaron o incremento da prestación das horas, son na súa maioría de carácter imprevisto e pola propia natureza do programa, e resumimos as seguintes:

a.- O incremento da esperanza de vida.

b.- As situacións de Emerxencias sociais sobrevidas.

c.- A prestación deste servizo de **carácter persoal**, é **imprevisible** o que precisa que debamos ser máis acordes e flexibles na hora de respostar ás necesidades persoais dado que o servizo en ningún caso pode ou debería de interromperse.

d.- A diminución das baixas das persoas usuarias do servizo de Axuda no Fogar durante exercicio 2015 cambiando o comportamento das baixas ocorridas de anos anteriores.

e.- O incremento do prezo hora do servizo prestado, como consecuencia da última licitación en abril de 2015, do servizo de "Axuda no Fogar do Municipio de Santiago de Compostela".

f.- Os cambios efectuados pola administración autonómica:

f.1.- No mes de xullo de 2015 o Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, inicia a revisión de oficio de conformidade co establecido no artigo 7 e 8, así como en atención ás regras de participación establecidas no Título III do Decreto 149/2013 do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, no cumprimento do artigo 38.2 do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención (PIA) e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Isto suporá para as persoas usuarias do SAF dependencia:

f.1.a) A Actualización da súa Capacidade Económica das persoas usuarias do SAF. ...

f.1.b) Equiparación das intensidades de servizo en función do grao de Dependencia de xeito que todas as persoas cun mesmo grao de valoración, teñan dereito ao mesmo rango de intensidade de servizo. Esta actualización, sobrevida, provocou que, no caso de estar interesadas as persoas usuarias, solicitaron o seu dereito da ampliación das horas de prestación do servizo.

f.2.- A partir do día **1 de xullo de 2015** accederon ao dereito efectivo ao catálogo de servizos de **Atención á Dependencia todas as persoas valoradas**

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

con Grao I. Esta modificación, provocou o **incremento** notable la **lista de agarda** para a prestación do servizo de axuda no Fogar para as persoas dependentes.

f.3.- O día **29 de xullo de 2015** a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia resolveu de oficio para o Concello de Santiago de Compostela, un **incremento de 1.000 horas dispoñibles e autorizadas** para a atención ás persoas dependentes para o servizo de axuda no Fogar. Esta dispoñibilidade implica poder recibir os concellos de oficio 9,7 €/hora pola prestación do servizo de Axuda no Fogar para as persoas dependentes que figuren na lista de agarda de cada concello publicada no SIGAD da Xunta de Galicia.

4.d.- As previsibles repercusións do exceso do número de horas anuais prestadas na correspondente facturacións dos exercicios 2016 e 2017.

Consonte ao indicado no informe da xefatura de contratación de data 10 de maio de 2016, ante a realidade da insuficiencia de crédito orzamentario, desprendese como xeito de solución, someter á aprobación **unha modificación contractual** :

"De considerarse precisa unha modificación contractual, debe tramitarse un expediente ao efecto que se iniciará cun informe do centro xestor no que se xustifiquen a concorrencia de razóns de interese público ou causas imprevistas que motiven a citada modificación así como a contía económica da modificación co límite do 10% do prezo de adxudicación e a existencia de crédito orzamentaria. Ademais deberá dar audiencia ao contratista antes da súa autorización."

II SITUACION ACTUAL:

Para unha mellor comprensión do que se pretende tramitar, compre ter en conta os seguintes datos, que se corresponden coa data de emisión do presente informe :

- O número de persoas atendidas na Axuda no Fogar no mes de maio :
 - ✓ 67 Persoas no Programa Básico, isto é 1.041 horas/ mes.
 - ✓ 102 Persoas no Programa para as persoas Dependentes, isto é 4.519 horas/mes.
- As lista de agarda das persoas para o Programa de Axuda no Fogar é de:
 - ✓ 25 Persoas no Programa Básico. (Fonte propia)
 - ✓ 68 Persoas no Programa para as persoas Dependentes. (Fonte:Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia - Intranet Concellos da Xunta de Galicia, en adiante SIGAD)

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

- Que segundo os datos reflectidos no SIGAD o último día da súa publicación semanal (8/6/2016) o estado das horas correspondentes ao concello de Santiago é a seguinte:
 - o Número de horas asignadas: 8.970
 - o Número de horas efectivamente prestadas: 4.527
 - o Número de horas dispoñibles a asignar: 4.443

Nota: vimos sinalar no parágrafo anterior, a existencia de 68 persoas na lista de agarda no Programa para as persoas Dependentes ás que non se pode atender pola carencia de crédito orzamentario no contrato en vigor para a prestación do servizo de axuda no Fogar asinado coa empresa VALORIZA S.A.

- O exceso de número de horas prestadas no exercicio 2015, ten coma consecuencia que non se puidera producir ningunha alta efectiva no servizo dende o día **16 de novembro de 2015** (Case que 7 meses).

III CONSIDERACIÓNS:

Consonte ao indicado neste e nos mencionados informes da interventora xeral e da xefatura de contratación de datas 3 e 10 de maio de 2016 respectivamente, mencionados no punto 3.3 do presente informe e que se achega, ante a realidade de insuficiencia de crédito orzamentario,

Entendendo que é unha razón de interese público seguir a desenvolver as atencións persoais que na actualidade xa se desenvolven no Programa municipal de axuda no Fogar e que as causas que motivaron os problemas de xestión foron maiormente de carácter imprevisto.

Dado que existe nos orzamentos municipais para o ano 2016, aplicación orzamentaria 020 23100 22703, crédito suficiente, manifestamos a **necesidade inescusable da modificación do contrato** para de dar cobertura ás situacións anteriormente descritas.

Dado que este concello conta coa autorización da empresa adxudicataria do servizo VALORIZA S.A.

IV PROPOSTA:

Polo exposto, dado que se considera precisa *unha modificación contractual, advertindo a concorrencia de razóns de interese público, mediante o presente iniciase o expediente de aprobación:*

1.- A modificación contractual de prestación do servizo de Axuda no Fogar formalizado coa empresa VALORIZA SA CON/67/2013 asinado o día 28 de abril de

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

2015, na contía económica correspondente ao incremento do 10% do prezo de adxudicación, isto é:

	Cuantía actual do contrato (IVE engadido)	Importe do 10% sobre a contía do contrato (IVE engadido)	Importe da nova contía do contrato co incremento do 10% (IVE engadido)
Contrato de axuda no Fogar	1.828.882,56	182.888,26	2.011.770,82

2.- Como consecuencia da aprobación da modificación contractual compre a aprobación da seguinte reanualización:

Importe da contía do contrato co incremento do 10% (IVE engadido) =2.011.770,82 €

Gasto executado no 2015 : 774.459,44 €.

Proposta de aprobación á Xunta de Goberno local da 2ª reanualización:

- ✓ Anualidade 2016: 1.025.057,44 €
- ✓ Anualidade 2017: 215.263,59 €."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

1.- Aprobar a modificación contractual de prestación do servizo de Axuda no Fogar formalizado coa empresa VALORIZA SA CON/67/2013 asinado o día 28 de abril de 2015, na contía económica correspondente ao incremento do 10% do prezo de adxudicación, isto é:

	Cuantía actual do contrato (IVE engadido)	Importe do 10% sobre a contía do contrato (IVE engadido)	Importe da nova contía do contrato co incremento do 10% (IVE engadido)
Contrato de axuda no Fogar	1.828.882,56	182.888,26	2.011.770,82

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CON10I0Y3	CON/67/2013	12-09-16 14:22

2.- Como consecuencia da aprobación da modificación contractual, aprobar a seguinte reanualización:

Importe da contía do contrato co incremento do 10% (IVE engadido) = 2.011.770,82 €.

Gasto executado no 2015 : 774.459,44 €.

Proposta de aprobación á Xunta de Goberno local da 2ª reanualización:

- Anualidade 2016: 1.025.057,44 €
- Anualidade 2017: 215.263,59 €.

A CONCELLEIRA SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: María Rozas Pérez